



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DE CONTRATACIÓN URXENTE  
DUN/HA TÉCNICO/A PARA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUIÑOS 2018**

A Deputación provincial da Coruña ven de publicar no BOP nº. 127, con data 5 de julio de 2018 a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO216: Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación 2018.

Segundo o artigo 19.4 dos Lei 6/2018 de 3 de xullo de orzamentos xerais do estado para o ano 2018 *No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.*

E continúa dicindo:

*La contratación de personal laboral temporal y el nombramiento de funcionarios interinos y de personal estatutario temporal, en las condiciones establecidas en el apartado Dos de este artículo requerirá la previa autorización del Ministerio de Hacienda y Función Pública.*

Efectuada a solicitude previa de autorización ao Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas no ano 2015 para iniciar os procesos selectivos de persoal que puideran ser susceptibles de dita autorización previa, recibíuse resposta na que textualmente dicía: *“corresponde a la potestad de autoorganización y capacidad de decisión de esa Entidad Local la evaluación de las necesidades de la contratación ....en tanto que o referido a este apartado non ten carácter básico.*

En relación á declaración de trámite urxente, o principal motivo é a imperiosa necesidade de formalizar a contratación antes de que remate o verán pois é a época mais idónea para a prestación dos servizos propios de técnico/s para o centro de interpretación dos muíños. A duración do contrato será dende a súa sinatura ata 3 meses.

Tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o disposto no artigo 15.1.c do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, RESOLVO:

1º.- Aprobar as bases de selección con carácter de tramitación urxente do expediente para a contratación laboral temporal mediante contrato de obra ou servizo determinado de un trade 3 meses por mor da xustificación da subvención outorgada pola Excm. Deputación provincial.

2º.- Que se lle de publicidade na páxina web do concello, na Sede Electrónica e no Taboleiro de anuncios

**BASES PARA A CONTRATACIÓN URXENTE DUN/HA TÉCNICO/A PARA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUIÑOS 2018-2019**

**1º.- Obxecto da convocatoria.-**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, baixo a modalidade de contrato temporal, de 1 técnico/a para o **Centro de Interpretación dos Muíños**.

As funcións e tarefas a desempeñar serán as de atención e dinamización do Centro de Interpretación





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

dos Muíños de Auga da Costa da Morte, sito na parroquia de Golmar (A Laracha), segundo a memoria presentada ante a Deputación Provincial da Coruña para o programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de Museos e Centros de Interpretación ano 2018, en concreto:

### 1.- Visitas guiada no museo

Durante a visita polo museo mostraranse os diferentes tipos de mecanismos e funcionamento dos muíños de auga existentes en Galicia, poñendo especial interese na Ruta dos Muíños da Costa da Morte.

### 2.- Percorridos interpretativos

Co obxectivo de dinamizar e enriquecer a visita, complementarase con percorridos interpretativos sobre interpretación medioambiental das concas fluviais e dos cultivos, aprender as diferentes tipoloxías de muíños de auga, afondar na evolución dos mecanismos para obter enerxía por medios naturais e coñecer a historia local, estreitamente vinculada aos muíños. Propostas:

1.- Ruta en bicicleta “Golmar – Caión - Golmar”: 25-30 km de distancia. Desta maneira relacionarase o “Centro Azul” coa “Bandeira Azul” da praia de Caión.

2.- Ruta a pé “Desde o Acheiro ata o Anllóns”: 5 km de distancia. Percorrido de dificultade baixa a iniciar no río Acheiro (inmediacións do museo de Golmar), continuar polo paseo fluvial do río Anllóns e finalizar na área recreativa de Gabenlle. Ao longo de la ruta, explicar as características da ducia de muíños de auga existentes.

3.- Ruta a pé “O monxe beneditino”: 10 km. Comezando no museo de Golmar, a primeira parte da ruta realizarase polo río Acheiro e, na segunda, proponse unha subida a outros recursos turísticos como o mosteiro de San Pedro de Soandres e o miradoiro de Santa Marta.

### 3.- Obradoiros infantís

Aproveitando a dispoñibilidade das salas interiores do museo, a ampla zona verde na que se atopa o edificio, a presenza dunha panadería na parte posterior do museo e a proximidade dos ríos Acheiro y Anllóns, débense realizar obradoiros infantís relacionados con temáticas medioambientais (fauna, flora, cultivos, gastronomía, ríos, reciclaxe, etc.) e culturais (historia, patrimonio, contos, lendas, artesanía, etc.) dunha duración aproximada de 3 horas e un número máximo de 25 participantes por sesión.

4.- **Actividades de geocaching ou organización de xincanas** relacionadas cos muíños, a auga, os cultivos e a natureza, onde todos os membros da familia poidan participar seguindo as pistas depositadas, o que facilitará o coñecemento e aprendizaxe do patrimonio etnográfico do Concello da Laracha dun xeito lúdico.

5.- **Exposicións fotográficas** de temática relacionada cos muíños, actividades agrícolas, cultura, folclore e tradicións populares do Concello.

6.- **Ciclos de “Historias e Lendas”** sobre a transmisión oral das distintas historias e lendas que contan os nosos maiores e que perduran no tempo.

7.- **Actividades de turismo micolóxico.** Saída para coñecer as distintas tipoloxías de setas que se poden localizar no termo municipal, e posterior charla a cargo dun experto.

8.- **Concursos de fotografía e debuxo** relacionados coa temática que aborda o Centro Azul.

9.- **Actividades relacionadas co turismo ornitolóxico**, como saídas ao campo para localizar as diferentes especies coas que conta o territorio.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**10.- Accións formativas** relativas ao ecoturismo, desenvolvemento sostible, calidade turística e preocupación medioambiental, agricultura ecolóxica ou xardinería ecolóxica.

**11.- Voluntariado para a limpeza de medios naturais.**

**2º.- Requisitos dos aspirantes.-**

Os aspirantes deberán achegar no prazo de presentación de instancias a documentación que acredite o seguinte:

- a) Ter nacionalidade española ou ser nacional de outros Estados conforme aos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público. Presentará copia cotexada do DNI.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa por idade.
- c) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d) Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desenvolvemento das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico (que poderá ser achegado xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, ou en todo caso, de ser seleccionado na data de firma do contrato).
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado **Celga 3** ou Iniciación á lingua galega como mínimo. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).
- g) O persoal contratado deberá ter formación específica (grao, licenciatura, ciclos formativos, máster , posgrao...) relacionada co campo do turismo, o patrimonio, o desenvolvemento local e/ou a xestión cultural.

Os presentes requisitos se entenderán referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

**3º.- Duración e tipo de contrato.-**

O contrato de traballo temporal por obra ou servizo determinado, será dende a sinatura do contrato, ó remate deste proceso selectivo, ata 3 meses. A xornada laboral será a tempo completo, co horario establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde - presidente.

**4º.- Retribucións.-**

As retribucións estipuladas para este posto, son de 1.541,74 euros brutos/mes) incluído tódolos conceptos salariais e pagas extraordinarias.

**5º.- Criterios para a selección dos candidatos.-**





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Sistema de selección: A selección do persoal realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso:

### CONCURSO:

#### Formación:

\* Cursos de especialización, en centros oficiais ou homologados, relacionada cos campos do turismo, o patrimonio, o desenvolvemento local e/ou a xestión cultural.....max 3 puntos global

- Master ou posgraao:..... 1,00 puntos.

- Cursos de 20 horas ou máis: .....0,20 puntos.

#### Experiencia profesional (ata un máximo de 4 puntos):

- Por servizos prestados en posto de traballo relacionado cos campos da cultura, o turismo, o patrimonio, o desenvolvemento local e/ou a xestión cultural

en entidades públicas como privadas ..... 0,20 puntos/mes traballado.

En caso de que o estime o Tribunal faríase unha entrevista:

#### Entrevista curricular (ata un máximo de 1 punto):

Realizarse a entrevista persoal curricular (artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 5/2015 de 29 de setembro) será persoal e individual con cada candidato e versará sobre as tarefas e os cometidos do posto de traballo ofertado.

En caso de empate na puntuación total procederase ao desempate, segundo o seguinte criterio: 1º. Maior puntuación obtida no apartado de experiencia. 2º. Puntuación obtida no apartado de titulación académica (de ser necesaria). 3º. Sorteio

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumirá documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

**Procedemento de selección:** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta obrigatoriamente no taboleiro de edictos do Concello, tamén na páxina web e na sede electrónica do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicarse na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Os membros do tribunal poderán nomear colaboradores do tribunal.

Rematado o proceso de cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará acta coas puntuacións totais obtidas e fixará a data, lugar e hora de realización da proba de galego, de ser preciso, esta proba será





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

cualificada como apta ou non apta. Realizado dita proba, de ser preciso, o tribunal emitirá acta final cos resultados acadados e coa proposta dos aspirantes. Non poderán proponerse máis candidatos/as que prazas vacantes, aínda que có resto de solicitantes non seleccionados/as se elaborará unha relación de reservas, por orden de puntuación, de maior a menor, por si fose preciso cubrir posibles baixas ou renuncias, válida para o presente ano e mesmo posto de traballo. En caso de empate na puntuación total procederáse ao desempate, segundo o seguinte criterio: 1º. Maior puntuación obtida no apartado de experiencia. 2º. Puntuación obtida no apartado de titulación académica (de ser necesaria). 3º. Sorteio.

### 6º.- Presentación de instancias e admisión de aspirantes.-

As instancias solicitando participar no proceso selectivo se dirixirán ao sr. Alcalde do Concello da Laracha, e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 5 día hábiles (por ser declarado urxente) contados a partir do día seguinte á publicación destas bases da convocatoria na web municipal e no Taboleiro de anuncios.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede Electrónica do Concello da Laracha([sede.alaracha.es](http://sede.alaracha.es)).

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981606331) ou un e-mail ao seguinte enderezo: [concello.laracha@fegamp.gal](mailto:concello.laracha@fegamp.gal), coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación. O mesmo criterio seguirase na fase de alegacións, de ser o caso

Xunto á instancia tamén se presentará a seguinte documentación:

- \* A fotocopia co DNI.
- \* A fotocopia do documento que acredita a titulación mínima esixida ou equivalente.
- \* A fotocopia do Celga 3 ou certificado de iniciación (no seu caso).
- \* O informe médico (este poderá presentarse no momento de presentación de instancia con resto da documentación ou obrigatoriamente, antes da firma do contrato unha vez rematado o proceso, e sempre que o aspirante sexa un dos seleccionados)
- \* O xustificante do **pagamento da taxa** por dereito de exame que será de **14 euros** que poderá ser efectuada en calquera das seguintes contas:

ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015

LA CAIXA: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416

BANCO PASTOR: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente).

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumirá documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

### 7º.- Tribunal cualificador da selección.-





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía - presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido polo Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), será designado por Decreto de Alcaldía, no momento de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Os vocais deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás praza convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

**8º.- Formalización dos contratos.-**

A proposta do tribunal cualificador se elevará a Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello e na sede electrónica.

A formalización dos contratos laborais cos aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde - Presidente; os/as aspirantes deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexan requiridos para elo.

Na Laracha, 11 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

